

Aliaxe

Ciclo de concertos no **Centro Xove da Almáciga**



18 de outubro

Ulex • Ataque Escampe

15 de novembro

Liskadaki • Loita Amada

27 de decembro

Boa Sunet • mariagrep

Apertura de portas ás 19:00h

Concertos de 19:30h a 22:00h

Sobre o proxecto

ALIAXE é un ciclo de concertos que terá lugar un venres de cada mes durante o último trimestre de 2024, no Centro Xove da Almaciga. Esta iniciativa, promovida pola Concellería de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela e escollida a través dos seus Orzamentos Participativos, está pensada para **poñer en valor o novo talento da cidade e ofrecerlle á mocidade a posibilidade de compartir escenario con bandas musicais galegas xa consolidadas.**

Cada un dos tres días do ciclo "ALIAXE" contará con dous concertos: o primeiro, dunha das bandas de nova creación que ensaian habitualmente no Centro Xove da Almaciga. O segundo, dunha banda galega cun xénero musical similar, con percorrido e experiencia. Estas novas bandas terán a oportunidade de compartir escenario cun recoñecido grupo musical galego, ofrecéndolles unha plataforma excepcional para amosar o seu talento e adquirir experiencia no directo e ante o público.

O ciclo "ALIAXE" está dirixido principalmente a un público xuvenil e estrutúrase en tres estilos musicais diferentes, correspondentes cada un a un mes do ciclo:

- **Outubro:** o ciclo comeza con propostas do **indie-pop-rock**, que combina melodías pegadizas e letras introspectivas.
- **Novembro:** mes adicado ao **punk-rock**, onde a enerxía e a forza das guitarras eléctricas serán as protagonistas.
- **Decembro:** centrado no **neopop-electrónico**, ofrecendo unha noite chea de ritmos vibrantes e sons futuristas.

Este proxecto non só destaca pola súa diversidade musical, senón tamén pola súa **aposta pola promoción do asociacionismo xuvenil e a dinamización sociocultural da mocidade compostelá**, en consonancia cos obxectivos da Concellería de Xuventude. "ALIAXE" pretende crear un espazo inclusivo e enriquecedor onde os artistas novos poidan utilizar as ferramentas adecuadas para desenvolver o seu talento e conectarse tanto coa comunidade como co ámbito profesional da cultura.

"ALIAXE" tamén busca impulsar a creación de espazos formativos e de actuación para que os mozos e mozas das asociacións xuvenís poidan mostrar as súas habilidades e medrar no seu ámbito de referencia.

En resumo, "ALIAXE" é unha iniciativa cultural que **ofrece unha plataforma única para o novo talento de Santiago de Compostela**, promovendo a integración e o desenvolvemento musical. Trátase dunha invitación aberta a gozar de tres noites inesquecibles de música e cultura no Centro Xove da Almaciga, onde a fusión de talentos emerxentes e consolidados creará unha experiencia inigualable para todos os asistentes.

18 outubro

ULEX (Centro Xove)



ULEX fórmase en Compostela en Setembro do 2022 e xorde do amor pola música e as ganas de tocar de tres adolescentes picheleiros e unha de Bertamiráns. Con influencias como O Sonoro Maxín, Mano Negra, Ataque Escampe ou Familia Caamagno o seu rock alternativo fala de amor, de desamor, de amizade ou do tempo, e forma unha banda sonora perfecta para a vida de calquera adolescente galego.

O grupo está formado por: Xian Castro (voz principal e guitarra rítmica), Mónica Fuentes (baixo), Tomás Sánchez (guitarra solista e voz secundaria) e Martinho Quintela (batería e voz principal); e colle o seu nome dun dos símbolos nacionais da Galiza: o toxo. Dende o seu debut nas Festas do Barrio de San Pedro do 2023, convertéronse nun grupo popular entre as novas xeracións, e xa contan cunha base de fans extensa, diversa e constante.

> **Escoitar** [aquí](#)

ATAQUE ESCAMPE



Ver a Ataque Escampe en directo é unha experiencia difícil de esquecer. En efecto, o seu espectáculo é a restra de emocións — da sensualidade á euforia, da melancolía ao furor— que cabe esperar dun grupo que leva desde 2008 escribindo a banda sonora do noso espazo-tempo en máis de 120 cancións: desde alfaías ocultas até auténticos himnos under-ground, como «Segunda división», «A vitoria», «Noites de agosto» ou «Lamborghini», entre moitos outros.

A banda máis camaleónica do país explora en cada directo non só o seu inesgotable fondo de armario, senón tamén territorios musicais exóticos e heteroxéneos que convidan, por momentos, ao baile, ao desenfreo ou á comuñón colectiva dun público estrañamente transversal: o pop con fulgores synth que practican nos últimos tempos tinguéuse, así, de cumbia, krautrock, disco ou soukous congolés, segundo pida o corpo. E o que pode un corpo non o sabera ninguén.

> **Escoitar** [aquí](#)

15 de novembro

LISKADAKÍ (Centro Xove)



Liskadakí é un grupo formado por Paula na batería e voz, Belén nas teclas e voz, Yas na guitarra e Alicia no baixo.

Procedentes de sitios e traxectorias moi diversas, xuntáronose para experimentar o estilo do rock, con influencias de grunge e punk. Dentro do seu repertorio, exploran son tanto a través de cancións en galego como en castelán.

> **Escoitar** [aquí](#)

LOITA AMADA



Despois dunha longa e exitosa traxectoria na música galega formando parte de bandas como Xenreira, A Matraka Perversa ou NAO, Jásper volve á loita cun novo proxecto musical chamado Loita Amada.

Aquí comeza a dar forma a un novo traballo que xorde da canción reivindicativa galega. O seu obxectivo é levar este estilo cara a novos sons, co son máis potente que caracterizou a Jásper na súa carreira musical.

Gravado en Garete Estudios por Kaki Arkarazo, as guitarras ruxen como nunca. Loita Amada volverá facernos vibrar, bailar, berrar e gozar a partes iguais co seu explosivo rock-punk, atréveste?

> **Escoitar** [aquí](#)

BOA SUNET (Centro Xove)



Boa Sunet, banda orixinaria de Santiago de Compostela. A nosa música sitúase entre o neopop, o electrónico e o R&B. Traballamos melodías que bailan entre o íntimo e o pop, ritmos que van dende o disco ou o hip-hop ata os ritmos latinos e arranxos que combinan o R&B coa música urbana.

A banda está formada por Pablo Rodríguez (guitarra), Alejandro Neira (teclado e voz), Brais Quintá (baixo e voz) e Mercè Palacios (saxo).

Despois de anos tocando con diferentes grupos (Novedades Carminha, Javiera Mena, The Funkles, Hellorice, Luis Fercán...), acometemos este novo proxecto musical. O noso espectáculo presenta un formato de música club pero con instrumentos en directo, que encaixa tanto en ambientes relaxados como en sesións electrónicas. Todo o repertorio está formado por temas propios, que se publicarán en breve.

> **Escoitar** [aquí](#)

MARIAGREP



Despois de anos de converterse nun segredo a voces en Santiago ao subir cancións domésticas, Mariagrep decidiu ser a raíña dunha música urbana melódica tan conectada ao pop dormitorio como ao vaporwave. Deu decenas de directos nalgúns dos festivais máis importantes do país, e na súa música dáse a sensación de darlle a cabeza ao pop electrónico, cunha actitude tan próxima á música industrial como á estética de mediados dos 90. ou incluso punk-pop.

Mariagrep é unha das tres partes do proxecto dos DJs Cool Nenas e do grupo Grande Amore. En tan só tres anos publicou os EP "Si un día" e "Detox", e en apenas unhas semanas sairá "mariagrep non é crime", un debut de longa duración que contou con diferentes produtores, como o Exército Galego, Grande Amore, Manuel Blanco, Juait ou Carreño, cun código moito máis electrónico e frontal, sen perder as melodías redondas.

> **Escoitar** [aquí](#)